



Materiais didácticos para a actividade

Equipo de traballo

Juan Ávila Ribadas

Román Cerqueiro Landín

Paco Díaz Rey



Doc. nº 2: Módulo 2

Ler e escribir para se comunicar

Abofé que xa sabes que para aprender a ler e a escribir hai que “ler e escribir”. Non imos descubrir nesta actividade semellante obviedade. O que quizais si poderíamos cuestionarnos é se realmente o noso alumnado le e escribe. Ou dito doutro xeito: len e escriben textos? Len e escriben textos interesantes, relevantes, complexos? Teñen os seus textos interlocutores, intencións, finalidades? Teñen sentido, en definitiva, os textos que manexan os nosos alumnos e alumnas sentido?

Interactuamos decote cunha enorme diversidade de textos (sonoros, tipográficos, visuais, multimedia...) e todos cumpren sempre todas estas características, é dicir:

- **Persiguen obxectivos** (pretenden conseguir algo: vender, atraer, influír, comunicar...).
- **Diríxense a determinados interlocutores/as** (axustan o seu formato e estilo ás persoas ás que van dirixidos).
- **Adáptanse ao contexto** (adoptan formatos, estruturas e deseños axeitados ao lugar, tempo e circunstancias nos que aparecen).

Non sempre, por non dicir cáseque nunca, os textos aos que se enfrontan os nosos alumnos e alumnas nas escolas e institutos contan con todas ou sequera con algunha destas características. En cambio, a súa competencia comunicativa si dependerá da destreza que demostren para manexar textos coma os mencionados.

Habitualmente, os seus exercicios de lectura e de escrita realízanse a través de textos amputados (retallos carentes de significación), pertencentes a xéneros estraños na vida real (redacción¹, traballo sobre²...), que teñen na maior parte dos

¹ Este curioso xénero textual é moi frecuente no eido educativo mais fica demostrado que non o é fóra da escola. De feito preguntámonos: que é exactamente unha redacción?

² O xénero textual “traballo sobre...”, que se enmarca habitualmente nunha oración do tipo “Hai que facer un traballo

casos unha única función: que alguén (normalmente nós, os docentes) os corrixa (normalmente os aspectos máis superficiais; nomeadamente cuestións de ortografía). En definitiva, nada que ver coa realidade.

E, no entanto, son múltiples os xéneros textuais “de verdade” cos que interactúan, mesmo dentro da escola. Pensemos nos exames, no estudo da música, das ciencias e as tecnoloxías, nas ciencias sociais; pedímoslles que lean e que escriban unha variedade de xéneros e valoramos como o fan, de aquí parten –nun tanto por cento moi elevado– as cualificacións de todas as áreas e materias e das destrezas do alumnado manexando diversos textos, pero... **ensinámoslles a manexar estes textos?**³

A nosa proposta, que podes ampliar no documento que figura no apartado de contidos “**ler e escribir textos**”, está centrada na práctica da escritura para mellorar tamén a comprensión lectora. Elaboramos –como observaches na guía deste obradoiro– unha taxonomía de xéneros textuais que nos parece funcional porque organiza o infinito número de xéneros textuais posibles para a práctica en tres tipos básicos seguindo un criterio fundamental: a súa finalidade, á súa intención; para que sempre –sexan cales sexan os xéneros cos que tratades– teñan sentido.

Os xéneros textuais

Propoñemos tres tipos ou clases de textos seguindo este criterio:

1. **Textos para comunicar/se**
2. **Textos para expresar/se**
3. **Textos para aprender/se**

En cada un destes tipos textuais primará unha finalidade sobre as outras: os **textos para expresar/se** buscarán, sobre todo, a mellor, a especial e única forma de transmitir ou mesmo plasmar determinados conceptos, sentimentos, vontades, apreciacións, sensacións... **Aqueles cuxa intención é aprender ou aprenderse** (un termo que nos recorda que os procesos de aprendizaxe son, case sempre, de recoñecemento dun/ha mesmo/a) perseguen a organización das ideas, o resumo, o esquema, a síntese, a nemotécnica... Son os textos expositivos, os textos da escola; tamén outros. E están os outros textos –quizais a meirande parte deles– os que nos transmiten mensaxes, os que nos informan, nos entreteñen, nos enganan, nos solicitan, inflúen, emocionan... Comezaremos neste módulo por esta clase de textos.

sobre...”, adoita conducir o alumnado –se cadra debido á falta de concreción textual– a tarefas intelectuais eminentemente centradas en cortar e pegar.

3 Consulta sobre este particular os artigos do profesor Sánchez Miguel que figuran no apartado de Contidos/Recursos deste módulo de traballo.

Ler e escribir para comunicar/se

Son multitude os textos que manexamos cada día, en todos os ámbitos da nosa vida. Textos que, nestes últimos anos, evolucionaron para se transformar en dixitais, quizais máis do que nos decatamos:



<http://www.youtube.com/watch?v=aEFKfXiCbLw>

Escollemos un par de tarefas prácticas para que experimentes con textos que poderíamos englobar nesta clase. Obviamente, neste obradoiro, tratarase de textos dixitais. Por tal motivo terán algunhas características engadidas aos habituais textos analóxicos, isto é:

1. Serán **dixitais** e, polo tanto, poderán expandir o seu contido a través do seu carácter hipertextual.
2. Poderán ser **multimodais**, ou sexa: engadir ao texto imaxes, sons, vídeo...
3. E mais poderán incluso resultar **interactivos**, isto é, abertos á colaboración ou á interacción na rede.

Estes son os interesantes valores engadidos que poderías engadir ás prácticas lectoras e escritoras no eido dixital. Adiante coas propostas deste primeiro módulo centrado na escrita de... textos para comunicar/se.



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.